

# PLAN XERAL DE ORIENTACIÓN



*Aprobado en Claustro e Consello Escolar celebrado o día 28 de xaneiro de 2013*

# ÍNDICE

## 1. INTRODUCCIÓN

1.1- CONTEXTO LEGAL

## 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO :

2.1. O CEIP “PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA”:

2.1.1. ALUMNADO

2.1.2. RECURSOS MATERIAIS

2.2. CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO

2.3. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

2.3.1- RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS

2.3.2- IMPLICACIÓNS DO P.X.O NO FUNCIONAMENTO DO CENTRO

2.3.3- DETECCIÓN E PRIORIZACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS E DE ORIENTACIÓN

## 3. OBXECTIVOS XERAIS:

3.1. Con relación ao centro.....

3.2. Con relación aos alumnos e alumnas.....

3.3. Con relación ao profesorado .....

3.4. Con relación ás familias.....

3.5. Con relación a outras institucións.....

## 4. AS COMPETENCIAS BÁSICAS DENDE O P.X.O

## 5. ÁMBITOS E PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

## 6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

5.1- CON RELACIÓN AO ALUMNADO

5.2- RELACIÓN ENTRE O PROFESORADO

5.3- REFERIDAS AO CENTRO

## **7. AVALIACIÓN DO P.X.O**

7.1- CRITERIOS

7.2- PRINCIPIOS

7.3- MEDIOS

7.4- TEMPORALIZACIÓN

## **8. APROBACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.**

## **1.- INTRODUCCIÓN**

A Orientación educativa é un elemento esencial da calidade en tódolos niveis do sistema educativo.

O departamento de Orientación plantexará uns retos cara á mellora da calidade da educación do alumnado do noso colexio, tentando conseguir unha integración plena e activa na sociedade actual.

Tentaremos que a nosa labor sexa dinamizadora, e que as nosas actuacións teñan como fin un traballo de orientación e asesoramento a toda a comunidade educativa, especialmente no relativo á adecuación das medidas de atención á diversidade ás necesidades educativas do alumnado do noso centro.

Outra das nosas actuacións debe ir encamiñada a dotar tanto ao centro como ao propio departamento de materiais e recursos que faciliten e apoiem a labor orientadora de toda a comunidade Educativa.

Traballaremos na adecuación dos documentos que constitúen este plan (P.A.T e P.A.D) para adecualos a nova lexislación así como as necesidades do noso Centro.

### **1.1- CONTEXTO LEGAL.**

A Orientación Educativa, a labor, funcionamento e composición do departamento de orientación esta establecida na lexislación vixente:

\* LEI Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), onde a Orientación aparece como principio fundamental e factor de calidade do Sistema Educativo.

\* Decreto 120/98 do 23 de Abril e a Orde de 24 de Xullo do 98.

\* Decreto 299/2011 do 7 de decembro polo que se regula á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia.

\* Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación Educativa.

\* Circulares anuais da Dir. Xeral de Ordenación Educativa, nas que cada curso escolar dicta unhas liñas de actuación prioritarias e unificadas.

A periodicidade das reunións está marcada na lexislación, e estará incluída na planificación xeral das reunións do profesorado.

O motivo da súa existencia e funcións está recollida e determinada na lexislación, establecendo, coa colaboración do profesorado, as estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ó alumnado con NEAE (alumnado con necesidades específicas de apoio Educativo)

O seu funcionamento, estará coordinado pola Orientadora ou Xefa do Departamento de Orientación.

O proxecto de traballo para cada curso incorpórase como anexo na programación xeral anual do centro.

## **2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO**

### **2.1.- ALUMNADO**

A matrícula de cada ano varia , pero nos últimos anos estamos entre os 475 e 500 de alumnado, Estes números poden variar ao longo dos cursos, xa que aínda que algún se pode dar de baixa o que normalmente pasa é que temos moitas altas no transcurso do ano académico.

O noso centro recibe un número importante do alumnado do municipio, tanto do propio centro urbano como das distintas parroquias : Sada, Meirás, Mondego, Mosteirón, Carnoedo, Osedo, Soñeiro y Veigue.

O alumnado do noso Centro procede de familias na súa maioría castelán falantes.

Temos matriculados no centro un elevado número de ACNEAE, e de estes un porcentaxe tamén alto é de N.E.E. (especificadas dentro do PAD)

### **2.2- CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO**

A nivel educativo no concello existen:

+ Tres CEIP:

- “Sada e contornos” ,
- “ P. Barrié de la Maza”
- “ O Mosteiron”

+ Dous IES :

- “I. Díaz Pardo, que imparte bacharelato e F.P
- “O Mosteiron” que imparte Bacharelato

+ Unha E.E.I de Carnoedo.

+ Un CEEPR ASPACE ( Centro de Educación Especial – privado)

#### **CENTROS ADSCRITOS**

O noso Centro está adscrito ao IES “Isaac Díaz Pardo”

Ao noso Centro está adscrito a E.E.I de Carnoedo.

### **2.3- O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

#### **2.3.1-RECURSOS PERSONAIS E MATERIAIS**

## RECURSOS PERSONAIS

A constitución do departamento de Orientación nos CEIP esta regulado na lexislación, e está formado por:

\* O profesorado especialista de P.T e A.L .No noso centro:

2 profesoras definitivas de P-T

1 profesora definitiva de A.L

Profesores provisionais de P.T e A.L : o nº do profesorado provisional depende cada curso das necesidades.

\* Os coordinadores/as dos 3 ciclos da E.P

\* A coordinadora da Etapa de E.I

\* A orientadora , que realiza as funcións da Xefatura do departamento.

Está adscrita a o noso departamento a profesora titora da EEI de Carnoedo.

## RECURSOS MATERIAIS

- Contamos con despacho de orientación propio: dotado con ordenador e teléfono, ademais de con material específico tanto de diagnóstico, como de consulta e de reforzo, que ampliamos todos os cursos dependendo dos presupostos e das necesidades.
- Cada profesor especialista de P.T e A.L conta cunha aula específica ademais de realizar apoios nas aulas ordinarias , estas aulas están dotadas dun mínimo de material específico de apoio e reforzo que tamén se amplía cada curso.
- Nestes momentos todas as aulas contan con ordenador e en unha das aulas de P.T temos unha pantalla dixital.

### 2.3.2- IMPLICACIÓNS DO P.X.O NO FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Para que a Orientación teña verdadeiro sentido e funcionalidade no Colexio o PXO debe estar incluído nos diferentes documentos oficiais do Centro:

- No proxecto educativo de Centro.
- No ROF
- No proxecto curricular de Etapas

### 2.3.3- DETECCIÓN E PRIORIZACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS E DE ORIENTACIÓN

No Centro temos **integración de alumnado con N.E.A.E importantes e permanentes que** condiciona moito o funcionamento do D.O:

- Alumnado con dificultades de aprendizaxe na lectura, escritura e cálculo.
- Alumnado con dificultades cognitivas e metacognitivas.

- Alumnado con discapacidade psíquica
- Alumnado con discapacidade motora.
- Alumnado con dificultades por inmadurez afectiva.
- Alumnado con trastornos conductuais (impulsividade, déficit de atención...)
- Alumnado falto de habilidades sociais, habilidades intercomunicativas, organizativas básicas...
- Alumnado procedente do estranxeiro.
- Alumnado con trastorno xeralizado do desenvolvemento
- Alumnado de etnia xitana.
- Alumnado con problemática familiares moi importantes ( seguimento en coordinación cos S.Sociais)

Teremos tamén como fin contribuir á calidade educativa , partindo das finalidades do Centro, incluíndo de xeito especial á promoción e mellorada convivencia.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS**

#### **3.1- CON RELACIÓN AO CENTRO**

- 3.1.1- Contribuír á mellora da calidade do ensino no centro.
- 3.1.2.- Colaborar na dinamización da planificación e organización educativa.
- 3.1.3- Consegui- unha boa integración tanto do A.C.N.EA.E coma das distintas culturas que están presentes no centro.
- 3.1.4- Colaborar nas propostas que realiza a C.C.P ( Comisión de Coordinación Pedagóxica) .
- 3.1.5- Colaboración nas modificacións dos documentos do Centro.
- 3.1.6- Sensibilizar os distintos axentes educativos sobre a importancia da convivencia de distintas culturas como elemento fundamental para o desenvolvemento persoal e social.
- 3.1.7- Consegui-la motivación do alumnado do centro cara as aprendizaxes escolares e conseguir cos alumnos teñan unha autonomía axeitada e positiva.
- 3.1.8- Revisar os plans de acollida para alumnado estranxeiro.
- 3.1.9- Consegui- unha concienciación dentro do ámbito escolar da importancia da prevención dentro do ámbito da escola do maltrato entre iguais.
- 3.1.10- Consegui- que os alumnos utilicen habilidades sociais propias da súa idade.
- 3.1.11- Colaborar na elaboración e revisión dos criterios de avaliación inicial, formativa e final dos ciclos .
- 3.1.12- Colaborar na revisión dos criterios e procedementos previstos para a organización da atención a diversidade , así como para o establecemento dos Reforzos educativos especializados e das Adaptacións curriculares.
- 3.1.13- Cooperar coa comunidade educativa ( profesorado, equipo directivo, coidadoras, comisións , departamentos, ANPA...) para favorecer canles de comunicación e actuación.
- 3.1.14- Potencia- la coordinación e cooperación entre o centro e as familias , facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poidan incidir en maior medida.

### **3.2- CON RELACIÓN AO ALUMNADO**

- 3.2.1- Contribuír á persoalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando as medidas necesarias de compensación de desigualdades de orixe.
- 3.2.2- Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no centro, con especial atención ao alumnado procedente do estranxeiro, ou A.CNEAE.
- 3.2.3- Atender ás demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás do alumnado con NEAE.
- 3.2.4- Establecer un plano de accións para a orientación educativa e profesional do alumnado do centro, sobre todo no 3º ciclo da educación primaria.
- 3.2.5- Levar un deseño funcional de orientación educativa e acción tutorial con fines preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal.
- 3.2.6- Aplicar programas que desenvolvan a adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, contempladas no propio currículo.
- 3.2.7- Identificar as necesidades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación.
- 3.2.8- Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas no Centro, e no seu entorno socio-cultural, atendendo a hábitos de orde , limpeza e coidado nas instalacións e mobiliario escolar.
- 3.2.9- Previr e actuar nas dificultades de aprendizaxe.
- 3.2.10- Organizar os apoios do alumnado que precise reforzos especializados .
- 3.2.11- Colaborar na elaboración e seguimento das adaptacións curriculares.
- 3.2.12- Coordinar as accións que favorezan o transito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando cambien de centro educativo.

### **3.3- CON RELACIÓN AO PROFESORADO**

- 3.3.1 Coordinar as actuacións do profesorado: Titores/as, especialistas, profesorado especialista de P.T e A.L e a Orientadora de cara a dar resposta ao alumnado con NEAE .
- 3.3.2- Coordinar o proceso de avaliación formativa de cada grupo.
- 3.3.3- Asesorar ó profesorado na planificación, desenvolvemento e avaliación do seu traballo.
- 3.3.4- Facer posible a colaboración do profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
- 3.3.5- Colaborar na resolución das necesidades que teñen os/as titores/as para levar a cabo a función tutorial.
- 3.3.6- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle a información sobre recursos materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que podan favorecer lo seu labor docente e tutorial.
- 3.3.7- Colaborar na detección das necesidades de formación permanente do claustro de profesores do centro.
- 3.3.8- Promover a participación do profesorado en proxectos e programas de innovación educativa.



### **3.4.- CON RELACIÓN ÁS FAMILIAS**

3.4.1- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.

3.4.2- Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, coa fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as.

3.4.3- Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE..

3.4.4- Informar e asesorar ás familias sobre aspectos cuxa finalidade sexa a eliminación de calquera tipo de desigualdade así como da importancia da convivencia dentro e fóra dos centros educativos.

### **3.5.- CON RELACIÓN A OUTRAS INSTITUCIÓN**

3.5.1- Coordinar as actuacións cos diversos centros educativos que existen no concello.

3.5.2- Colaborar cos servizos sociais do concello naqueles casos que o precisen tanto para o alumnado coma para as súas familias.

3.5.3- Solicitar a participación e o asesoramento do E.O.E , nos temas e casos que se considere necesario.

3.5.4- Colaborar con diferentes especialistas : psicólogos, pedagogos, médicos ou especialistas nos casos específicos que se considere necesario.

## **4.- AS COMPETENCIAS BÁSICAS DENDE O P.X.O**

Na LOE incorpóranse as competencias básicas como un elemento enriquecedor tanto do currículo , como da educación en xeral. Os medios para desenvolver estas competencias dende o centro e en concreto dentro da orientación e a titoría realizase a través de :

- Formas de traballo
- Hábitos
- Relación coas demais persoas
- Imaxe propia.
- Recursos educativos
- Utilización das aprendizaxes
- Integración dos coñecementos
- Formas de tomar decisións
- Papel que se da aos alumnos

- Reacción ante os conflitos.

1- **O desenvolvemento da competencia lingüística** é clave para aprender a convivir, pois nela susténtase a resolución pacífica de conflitos. Cando sabemos comunicar somos quen de establecer lazos con outras persoas e mesmo podemos achegarnos á cultura propia e a novas culturas que adquiren así consideración e afecto na medida en que as coñecemos. Comunicarnos en linguas estranxeiras vainos esixir asemade posuír capacidades como a mediación e a comprensión intercultural. Con esta competencia contribúese á creación dunha imaxe persoal positiva e foméntanse as relacións construtivas cos demais e co contorno. Mais, a que se refire en concreto? Refírese á utilización da linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e de regulación de condutas e emocións.

2- **O desenvolvemento da competencia matemática** vainos facilitar a produción e a interpretación de informacións cuantitativas e espaciais da realidade que nos rodea; de tal xeito que nos capacita para a resolución de problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. Mais, a que se refire en concreto? Refírese á habilidade para utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar as informacións do contorno, para ter un coñecemento máis completo da realidade e para proporcionarnos estratexias de resolución de problemas aplicables a calquera circunstancia.

**3.-A competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico** vai ser o eixo que nos facilitará a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e as actividades de mellora e preservación da propia vida e da do resto das especies. En concreto refírese... A habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana.

**4.-O desenvolvemento da competencia no tratamento da información e competencia dixital** vainos posibilitar a comunicación e a transmisión de información en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como un elemento esencial. Mais, a que se refire en concreto? Esta competencia fai referencia ás habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos diferentes que van desde o acceso e selección da información ata o seu uso e transmisión en distintos soportes.

**5.-Competencia social e cidadana.** A adquisición desta competencia capacítanos para poñernos no lugar das outras persoas, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros seres humanos. Mais, a que se refire en concreto? Esta competencia permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo no que se vive e exercer a cidadanía democrática. Incorpora formas de comportamento individual que capacitan as persoas para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, relacionarse cas demais persoas, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos.

**6.-Competencia Cultural e Artística.** Desenvolver esta competencia vainos capacitar para apreciar e comprender distintas formas de manifestacións artísticas e culturais.

Mais, a que se refire en concreto? Refírese á valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas, o que nos permitirá utilizalas como fonte de goce e enriquecemento persoal.

**7.-Competencia para Aprender a Aprender.** Esta competencia vai nos capacitar para prolongar as aprendizaxes ao longo de toda a vida, e así poderemos desenvolvernos mellor ante as incertezas, porque seremos quen de buscar respostas lóxicas e diversas. Mais, a que se refire en concreto? Aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuala de maneira autónoma. Supón tamén poder desenvolverse ante as incertezas tratando de buscar respostas que satisfagan a lóxica do coñecemento racional. Implica admitir diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema e atopar motivación para buscalas desde diversos enfoques metodolóxicos.

**8.-Competencia en autonomía e Iniciativa persoal.** Cando falamos de autonomía e iniciativa persoal referímonos á posibilidade de optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral. Para poder facer efectivas estas competencias dende o departamento de orientación traballase a través de :

- \* O desenvolvemento o aprendizaxe e a educación.
- \* Os procesos e os contextos educativos.
- \* Sociedade, familia.
- \* Os ámbitos da orientación Educativa e o asesoramento psicopedagoxico.

## **5.- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN E PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN .**

O Departamento de orientación é o espacio institucional dende onde se articulan as funcións de orientación, tutoría e atención a diversidade .

O noso Departamento forma parte do D.O do IES"Isaac Díaz Pardo", e a coordinación con ese departamento realizase a través das reunións trimestrais establecidas.

Tamén mantemos coordinacións cos outros centros do concello, establecidos no P.A.D

Os obxectivos sinalados no apartado anterior pódense agrupar en varios ámbitos de actuacións :

- **A atención a diversidade**
- **A acción titorial**

O modelo de intervención na orientación consideramos, debería fundamentarse nos seguintes aspectos:

\* A intervención psicopedagóxica debe ser concibida dentro do ámbito da prevención, aínda que pode en casos moi concretos e puntuais ser de tipo asistencial.

\* A relación co Orientador/a soamente pode ser entendida dende un clima de colaboración e complementariedade.

\* A avaliación educativa é un dos elementos máis importantes que compoñen o proceso educativo, polo que debe estar sempre presente e realizalo de forma continua tamén na labor orientadora.

**\* O PROCESO ORIENTADOR DEBE RESPONDER ADEMAIS ÓS PRINCIPIOS DE :**

- **Integración** : debe formar parte do sistema educativo.

- **Continuidade**: O longo de toda a escolaridade.

- **Autonomía**: conseguir do alumnado do centro o desenrolo da autonomía persoal e a formación integral do alumno.

- **Prevención**: Intentando minimizar as consecuencias negativas e potenciar os aspectos positivos.

- **Cooperación**:realizar tarefas dentro dos diferentes niveis da orientación, dentro dunha labor de equipo e a partir dos mesmos obxectivos.

- **Flexibilidade**: debido a diversidade das actuacións que supón a posta en práctica do plan de orientación,o programa poderá e deberá ser modificado e mellorado en **función das necesidades de cada momento.**

## **6.- ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN**

### **6.1- CON RELACIÓN AO ALUMNADO**

#### **1- Realización da avaliación inicial e integración do alumnado**

Ao comezo do curso o/s profesores/as titores realizarán actividades de acollida para o/s primeiro/s días de clase. Deste xeito, proponse o coñecemento do espacio físico, as normas de convivencia de aula e centro, o funcionamento interno, a relación inicial cos compañeiros e profesores, o coñecemento do transporte escolar...Procurando especial atención para o alumnado de novo ingreso.

Realizarase en colaboración coa familia a recollida de datos para a avaliación inicial do alumnado.

#### **2.- Detección e avaliación do alumnado con NEAE**

- Os equipos docentes, os titores, as familias e o Departamento de Orientación, colaborarán para unha pronta detección de posibles alumnos con NEE , co obxecto de busca-las respostas educativas axeitadas, que permitan levar a cabo unha rápida intervención.

O Dto. Orientación propondrá o modelo de intervención en cada caso , e coordinará a actuación das profesoras de apoio, elevando ó Xefe de Estudos a proposta de organización da docencia para este alumnado.

- Detección de posibles dificultades de aprendizaxe(D.A)nos distintos niveis . paso de probas curriculares colectivas en distintos ciclos (1º 2º,3º)

### **3.- Habilidades e métodos de estudio e aprendizaxe**

É labor de tódolos docentes do grupo, coordinados polo titor/a en colaboración co Dto. de Orientación axudar ó alumnado para que adquira procedementos axeitados de traballo intelectual.

En todo caso inseriranse preferentemente nas actividades diarias na aula.

Elaboración dos plans de reforzo individuais para o alumnado que permanece ún ano máis no ciclo así como para aquel que promociona de ciclo con algunha área suspensa .

### **4.- Orientación académica e profesional**

O profesorado e o Dto. de Orientación porá en práctica estratexias encamiñadas a:

- Que o alumnado teña coñecemento da estrutura do sistema educativo, das posibilidades de estudio a curto, medio e longo prazo.

- Que adquiran e utilicen procedementos facilitadores da reflexión e da toma de decisións.

- Elaboración dun programa de transición de primaria a secundaria dos alumnos de 6º.

### **5.- Avaliación do alumnado**

Os equipos de profesores porán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Informar ó alumnado dos criterios polos que vai ser avaliado

- Afondar na correcta utilización das modalidades de avaliación continua, formativa e sumativa.

### **6-2- RELACIÓNS ENTRE PROFESORADO**

#### **1- Relación do/a titor/a co Dto. de Orientación**

- Detección e prevención das condutas do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe, solicitando o asesoramento necesario, de ser necesario.
- Coordinación das actividades orientadoras e titoriais do Centro que afectan ó seu grupo
- Participación activa no desenvolvemento do plano tutorial.

## **2- Relación do titor/a cos profesores/as**

- O traballo en equipo e a Coordinación dos Ciclos e Niveis , así como a canalización das propostas de acción conxunta a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP ).
- Información ao resto do profesorado do grupo titorizado sobre aspectos de interese que poidan incidir na mellora do ensino-aprendizaxe e da integración no grupo do alumnado da súa titoría.
- Organización e dirección das xuntas de avaliación nas que se realizará unha síntese da avaliación .

## **3- Relación do titor/a coas familias**

- Comunicación axeitada e asidua as familias, comunicándolle horario de atención ás familias, mantendo entrevistas ou contactos persoais...
- Información ás familias dos aspectos educativos dos seus fillos/as e, asemade, recadar a información necesaria para a mellora da situación escolar do alumnado.

### **6.3- REFERIDAS AO CENTRO**

- 1- Desenrolo e actualización de diversos planos e documentos do centro.**
- 2- Estudio e debate sobre a nova lexislación educativa.**
- 3- Colaborar no deseño e desenvolvemento de posibles programas específicos .**
- 4- Búsqueda e elaboración de materiais e bibliografía que poidan resultar de axuda ó profesorado do centro.**

## **7.- AVALIACIÓN DO P.X.O**

O P.X.O avaliarase durante todo o seu desenvolvemento, a través das revisións dos plans anuais do Centro e das reunións dos diferentes órganos de coordinación docente, así como a través das memorias do D.O.

A avaliación permitirá a adaptación e modificación do P.X.O e axustalo as necesidades cambiantes tanto do centro como do alumnado.

7.1- Podemos considerar **criterios de avaliación** os seguintes aspectos:

- **Adecuación dos obxectivos segundo os logros acadados.**
- **Adecuación das actividades e programas realizados.**
- **Adecuación dos recursos .**
- **Grado de implicación da comunidade educativa e dos responsables de desenrolar as actividades.**
- **Adecuación do plano ás necesidades da nosa comunidade educativa.**

O que se pretende coa avaliación é emitir un xuízo valorativo tanto do deseño como da aplicación do mesmo.

7.2- **Os principios nos que nos basaremos nesta avaliación serán:**

- Que sexa global: tanto dos resultados como dos procesos.
- Que sexa integrada: tanto na labor docente, como na avaliación do centro,
- Que se base na complementariedade : \_\_utilizando tanto métodos cualitativos como cuantitativos.
- Que sexa interactiva: relación directa y persoal entre avaliadores e realidade avaliada.
- Que sexa formativa: contextualizada e interpretativa do programa que queremos implementar.

**7.3-Os medios utilizados** : abarcaran dende a observación directa, as entrevistas , cuestionarios, análise de documentos, actas de reunións do departamento, intercambios orais.....

**7.4-Temporalización da avaliación**

O modelo desenvolverase en tres momentos:

**1º. Avaliación Inicial do programa:**

- Axeitado dos contidos, medios e recursos e metodoloxía.
- Axeitado as necesidades do momento e das características do Centro.

**2º. Avaliación dos procesos:**

- Avaliación dos procesos e do contexto:  
**Efectividade** ¿produce los cambios desexados segundo os obxectivos e criterios establecidos?

**3º avaliación da eficacia.**

A partir dos logros acadados con respecto aos criterios especificados , plantexaremos a valoración da continuidade do programa.

## **8- APROBACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN**

Aprobado este plan con data 28 de xaneiro de 2013 polo Claustro e Consello Escolar.

Vº e prace do Director

A Orientadora